

Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Francisco Fernández del Riego, a Lois Tobío Fernández do 28/07/1961

Colección:

Data: 28/07/1961

De:

Francisco Fernández del Riego;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orixe:

Reconquista, 1 (de enderezo), Vigo (municipal), Vigo (comarcal)

Destino:

José Benito Lamas, 2941 (de enderezo), Montevideo (local), Montevideo (departamental)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada, con sinatura autógrafa e con membrete: EDITORIAL GALAXIA, S.A.].

Mencionados:

Isidro Parga Pondal;

Notas do editor:

Esta carta leva o membrete da Editorial Galaxia da que era director Francisco Fernández del Riego:

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Reconquista, 1

Teléfono, 8204

VIGO



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcrición da epistola de Francisco Fernández del Riego, a Lois Tobío Fernández do 28/07/1961

EDITORIAL GALAXIA, S. A.
Reconquista, 1
Teléfono, 8204
VIGO - 28-xulio-1961

Sr. D. Luís Tobío Fernández
Montevideo

Meu querido amigo:

Recibín a túa carta do 19, pero ningunha outra chegou, en troques, ó meu poder. Si así non fose teríache respostado coa puntualidade con que adoito facelo.

Vexo que no envés do sobre figura unha nova dirección. Nada sabía que te trasladaras de domicilio, e témome que non recibas os libros de Galaxia que seguimos remesando ó anterior enderezo.

Con relación ás encomendas que me fas, debo manifestarche o seguinte:

Hoxe mesmo, por correo aéreo certificado, mandeiche unha colección de 42 fotos de paisaxes, vilas, etc. Algunhas delas coido que son boas. Podes escoller as que mitor che parezan. Andiven de cabeza pra as precurar, valéndome dunha xente e doutra. Si me tiveras concedido algún marxe de tempo, seríame máis doado conseguir series completas.

Ontes escribinlle a Parga Pondal no senso que me indicas. Cando me conteste, informareite do que diga.

Escribo moi de presa, porque ando cheo de atafegos que non me permiten respiro. Outro día fareino máis de vagar.

Non deixes de me comunicar a recepción das fotos, pra a miña tranquilidade.

A forte aperta de sempre, de

Fernández del Riego [sinatura autógrafa]

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.